

MANDADIÑOS 2023

LUNS

O Entroido xa está preparado

E Coruña presta atención

Este ano tédelo doado

Cada día unha misión.

O **luns** na Torre comezamos

Alí o vento soe soprar

Pon calcetíns estampados

Por fóra tédelos que levar.



MARTES

Xa comezamos a troula

E a María Pita hai que ir elegante

Sumade todas as cousas

Que se vexa no mundo adiante.

O **martes** vai ser ostentoso:

Lazos, colares, gravatas de cores...

Adornade ben o pescozo

Incluídos os titores.



MÉRCORES

Pola rúa Real de pasada

Chegaremos ao Obelisco

Traede a cabeza tapada

Por se chove e molla un chisco.

O **mércores** é a metade

Pucho, perruca ou sombreiro

Pon algo que te agrade

Ata un gorro de vaqueiro.



XOVES

Anotade no calendario

O que o **xoves** debes lembrar

Estamos chegando ao estadio

E a cara podes pintar.

Riazor xa nos agarda

Que se vexa a afección.

Cores, raias, adorna a cara

Co que che faga ilusión.



O último día no cole

Unha cousa divertida.

De Coruña que se note

Que para nós é coñecida

Sairemos aos Mariñeiros

Que nos vexan os veciños

Personaxes ou choqueiros

Ou de algo con estilo.

